



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, E O CONCELLO DE CERVO PARA A MELLORA DO VIAL MUNICIPAL RÚA GALDÍN, EN SAN CIBRAO (CERVO)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto formalizar co Concello de Cervo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cervo para a mellora do vial municipal Rúa Galdín, en San Cibrao (Cervo).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A rúa Galdín, de titularidade municipal, constitúe hoxe en día un camiño asfaltado que enlaza as avenidas de Bella Vista e da Veiga. Asemade, carece de beirarrúas para peóns, o que fai que as condicións de seguridade viaria sexan insuficientes.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas garantir a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.





O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

A actuación que pretende realizar o Concello de Cervo consiste basicamente na urbanización e dotación de servizos á rúa, a construción dunha glorieta para a incorporación do tráfico que accede a esta rúa dende a Avda. Bella Vista, o ensanchamento da ponte de pedra, a execución do saneamento e de recollida de pluviais e a construción de beirarrúas para a súa conexión coas existentes.

Esta actuación é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Cervo ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestructuras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 10 de xuño de 2016

